

XUSTIFICACIÓN

Na vindeira edición de “Voz Natura”, durante o vindeiro curso tómaremos como punto de actuación, o estudo dos diferentes cruceiros e cabaceiros que atopamos nas parroquias de procedencia dos nosos alumn@s do centro. Isto ten unha razón de peso para ser así, nos estamos nunha contorna rural onde se conservan un número importante dos devanditos monumento e en torno a eles se conservan as historias dos lugares onde se atopan, para iso faremos unha investigación acerca do seu emplazamento, os diferentes usos que tiñan noutras épocas e cal é o fin que se lle da hoxe.

Nos consideramos que con este novo proxecto, proseguir dando a coñecer ao noso alumnado cales son os monmumentos dos nosos lugares de procedencia que a miúdo pasan desapercibidos á nosa mirada, pero que teñen e tiñan unha razón de ser. Coa axuda dos diferentes membros das comunidade educativa catalogarémolas e faremos para a nosa biblioteca un documento gráfico de recollida de datos, que levará a historia destas edificacións de pedra á escola, na forma de un proxecto de recuperación da nosa historia e as nosas tradicións

Para o novo ano imos propor ademais á comunidade educativa a reciclaxe, como eido de traballo para a conservación dos espazos naturais, e o uso responsable dos recursos do noso planeta, aprobeitaremos coma sempre m,ateriais destinados nun primeiro momento ao lixo para facer arte ou un aprobeitamento como material de traballo para darlle outros usos diferentes.

Para nós, este traballo é un recurso transversal e importantísimo no eido educativo, onde a partires dunha aprendizaxe activa, en contacto co medio natural, de investigación constructiva e significativa nos axude na consecución de obxectivos de carácter conceptual e procedimental, que se sinalan nas diferentes etapas educativas que compoñen a nosa comunidade, na procura da adquisición dos nosos alumnos das competencias básicas, que se sinalan no currículo que corresponde.

A experiencia acumulada coa participación en Voz Natura, reafirma a nosa creencia de que a escola é o espazo ideal para inculcar aos nosos alumnos a conservación do medio que nos rodea, como medio para mellorar a nosa vida, e que todo o que nos rodea ten unha historia que nos serve a cada momento como centro de investigación e recurso a traballar , aprender a querer e coidar a nosa contorna.

Ademais deste estudo da nosa historia, imos propor a recuperación dun traballo feito hai anos no noso centro que consistiu nun estudo e recuperación do tramo do camiño de Santiago que atravesa diferentes lugares de procedencia do noso alumnado

OBXECTIVOS E CONTIDOS.

No desenvolvemento do noso proxecto o obxectivo mais importante é favorecer o coñecemento do espazo natural e nesta edición adicada a etnografía ademais tamen coñecer diferentes señas da nosa historia, para aprender a coidar e valorar a nosa cultura.

Con este proxecto imos marcar os seguintes obxectivos específicos:

- Coñecer o abano de especies que se atopan no espazo natural polo que discurre o percorrido do camiño de Santiago nas nosas parroquias.
- Elaborar un traballo de investigación sobre os monumentos en pedra dos nosos lugares mais achegados.
- Desenvolver nos alumnos actitudes de coidado e conservación do medio natural que o rodea.
- Investigar de que xeito as especies abóreas compoñen a natureza do solo, e o alimentan cos seus procesos de vida.
- Coñecer o impacto dos incendios forestais nos nosos montes.
- Favorecer unha aprendizaxe autónoma e significativa que axude ao desenvolvemento dun xeito de traballar onde prime a investigación como método de traballo.
- Fomentar a actitude colaborativa de toda a comunidade educativa cun plantexamento de actividades que os impliquen a todos.
- Descubrir as posibilidades de acción que poidan axudar a solucionar problemas ambientais, que provocamos coa nosa acción e os nosos intereses económicos no medio natural que nos rodea.
- Motivar aos alumnos para que poidan desenvolver actividades que os axuden a aumentar a súa autoestima e a súa capacidade de aprender a aprender, de seu.
- Aprender a querer a nosa contorna, como elementos indispensables para a nosa vida e a conservación do planeta.
- Concienciar aos cativos e grandes no coidado da contorna para mellorar a nosa vida.
- Coñecer da man dos nosos maiores o significado da nosa historia e a nosa cultura.
- Continuar coa nosa “ patrulla de limpeza”.
- Mellorar a imaxe do noso centro continuando cos nosos traballos de coidado dos espazos.
- Continuar coa recollida selectiva de residuos e comprometernos no traballo pola reciclaxe.
- Transformar os corredores pendurando dos seus muros, exposicións sobre contidos relacionados coa natureza e co estudo da nosa contorna.
- Aproveitar o papel para a súa reciclaxe e aproveitamento como material de uso funxible.

METODOLOXÍA

Dende un punto de vista constructivista, a nosa metodoloxía estará baseada nunha aprendizaxe significativa, para o que teremos en conta o desenvolvemento madurativo e a idade dos alumnos participantes nas diferentes actividades. Deste xeito conseguiremos unha gran dose de motivación e ilusión por conservar a contorna ao tempo de favorecer unha aprendizaxe autónoma, respectando os coñecementos previos do alumnado e deles partir cara o coñecemento e asento de novas aprendizaxes.

Para o desenvolvemento das actividades, o referente será o grupo que traballará de xeito individual ou en estreita colaboración, a segundo da actividade que propoñamos.

Outro dos referentes da nosa metodoloxía será a funcionalidade das aprendizaxes, que acadaremos traballando en contacto directo co profesorado, que será quen monitorice o traballo, establecendo dun xeito colectivo as cuestións a resolver e os traballos a realizar.

Neste clima de traballo, favoreceremos a posta en común de ideas, as relacións entre iguais e cos nosos maiores apostando por unha aprendizaxe en valores e traballando no respecto as individualidades, esmorecendo calquera xeito de situación discriminatoria.

A fin que propoñemos será, o desenvolvemento do sentido crítico a aprendizaxe autónoma e a capacidade de aprender a aprender, a través de experiencias innovadoras que permiten o desenvolvemento das aprendizaxes, en espazos diferentes ás aulas tradicionais, e os textos que as veces non recollen aquilo que podemos observar a cotío na nosa contorna.

A QUEN VAI DIRIXIDO O PROXECTO

Esta experiencia vai dirixida á totalidade do alumnado do CPI “Antonio Failde”, que este disposto a traballar pola contorna do noso centro, mellorando a calidade dos espazos de lecer, dos que disponemos e disposto a coñecer dende o nome, ate os datos mais significativos aspecto, procedencia, desenvolvemento....

- Alumnos implicados: alumnos de educación infantil, Primaria e secundaria do centro.
- Profesorado implicado: o profesorado que imparte docencia nas diferentes etapas educativas: infantil, primaria e secundaria.

O que pretendemos e conservar o traballo realizado durante estes anos nos devanditos espazos naturais do centro, e dotar de novos recursos persoais os grupos xa existentes que se encargan xa de labores de coidado, recollida de lixo, baleirado de contenedores...

Valoramos como moi importante a implicación do profesorado dos tres niveis educativos para conseguir: traballo, implicación e visión global dos intereses do alumnado, nas diferentes facetas do proxecto.

PLANIFICACIÓN DO TRABALLO

No desenvolvemento das nosas experiencias e traballos andaremos a procura de:

- Vixiar o desenvolvemento dos espazos e as especies existentes, nos lugares onde se desenvolve o estudo proposto no proxecto.
- Favorecer o aproveitamento de recursos naturais, e as construción propias da nosa contorna.
- Traballo continuado en quendas para a consecución de obxectivos

ÁREAS DE ACTUACIÓN

O espazo no que imos traballar serán as parroquias do noso redor de onde procede o alumnado do centro, que na actualidade xa contan con espazos de actuación de anteriores proxectos, que imos conservar e rehabilitar e outras áreas mais afastadas que intentaremos recuperar. Entre outras:

- Continuar co coidado e axeitamento do noso centro e nasa reas de lecer.
- Recuperar para a nosa biblioteca documentación de estudo da historia nas nosas parroquias.
- Revisión, coidado ea ampliación do número de variedade de exemplares das prantas de interior coas que contamos nos corredores e salas do centro.
- Replantación dos maceteiros dispostos en diferentes lugares para a súa limpeza, coidado e renovación, que se fai anualmente.
- Coidado dos nosos patios interiores onde traballamos no estudo das diferentes especies que os poboan.
- Coidado e conservación dos corredores e miradores de madeira.
- A reposición dos contenedores de lixos, xa existentes e deteriorados como e lóxico polo paso do tempo e a súa exposición as condicións climáticas por estar enclavados no exterior.
- Vixiar e repoñer se compre alguna das instalacións, para a rega automática de puntos xa existentes e ampliar esta rede a outros espazos
- Recuperación de espazos que van quedando sen actuación, por falta de recursos materiais e tempo de dedicación pola gran extensión dos espazos do centro, coa replantación de novas xeracións de especies autóctonas ornamentais con desenvolvemento rápido, na que sobre todo os alumnos mais novos podan observar o seu desenvolvemento, completo ate a floración.
- Utilizar os lugares adicados á compostaxe, xa existentes no centro, para aproveitar os residuos orgánicos xenerados, dentro das instalacións do noso centro que ten un

comedor de xestión directa, no que se producen diariamente unha gran cantidade de lixos que poden ser aproveitados, como abonos para correxir a composición do solo despois do lavado da choiva, e a aportación para o crecemento das plantas xa existentes.

ACTIVIDADES

EDUCACIÓN INFANTIL

Os alumnos deste nivel educativo participarán cos seu mestres de tarefas como a eliminación de herbas invasoras, prantación de semilleiros de especies xa existentes, vixiancia diaria do estados dos espazos de lecer que ocupan, atendendo a eliminar os lixos da súa actividade axeitadamente. Formaremos deste xeito una concienciación responsable coa contorna natural que os rodea descubriendo a necesidade da reciclaxe como referente de conservación do medio natural. Por outra banda tamén poderán desenvolver actividade de limpeza de espazos, replantación de especies ornamentais e tarefas de observacións nos traballos da compostaxe, observando a xestión e investigación do que ali acontece co paso do tempo, cos residuos.

ALUMNOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA

Proseguirán na elaboración, coa axuda dos docentes un dosier esta vez con datos dos diferentes monumentos de pedra que se enclavan nas nosas parroquias, para elaborar un documento que permita o seu aproveitamento noutras actividades dentro das aulas para o estudo do medio.

CALENDARIO DE ACTIVIDADES

 Durante o primeiro trimestre do curso adicaremos o tempo:

- Proseguir no estudio e elaboración do dosier, onde se recollen as especies que integran a flora do noso espazo de lecer,(niveis arbóreo, arbustivo e herbáceo). Continuar renovando os etiquetados impermeables e permanentes, para completar o percorrido botánico didáctico, para o alumnado de todos os niveis.
- Xestionar os residuos orgánicos para a súa transformación nos composteiros existentes.

- Elaborar traballos coas diferentes técnicas plásticas a modo de mural, collage... para ambientar o noso centro nos espazos interiores coa fin de poder ser utilizados como cadros de contido nas nosas aulas, nos proxectos didácticos.
- Axeitar na medida do posible os espazos do centro dentro das liñas de conservación.
- Recoller as sementes para ser tratadas como lles corresponde, e ser prantadas no seu tempo.
- Recoller do noso espazo de lecer os froitos que nos das as abelairas, os castiñeiros... para ser estudados e consumidos se podemos a modo de degustación nas aulas, coa participación da comunidade educativa.

 Durante o segundo trimestre adicaremos o tempo a:

- Preparar as zonas de repoboación de especies naturais autóctonas e ornamentais, con labores de limpeza de espazos.
- Prantar e sementar o recollido para facer as prantacións nos lugares destinados a tal efecto.
- Recoller das árbores froiteiras como a figueira os froitos para seren estudados dentro das aulas e consumindoos se é posible, en diferentes receitas, coa colaboración da comunidade educativa.
- Recoller as sementes das prantas ornamentais xa existentes para o seu tratamento e utilización nos xermolados.
- Coidar e renovar os xardíns verticais con prantas de nivel herbáceo ou arbustivo, nos muros do centro que non afecten negativamente aos materiais de construción dos edificios e que pouco a pouco se integren estéticamente en pinturas murais de creación propia que ambienten os espazos de lecer.

 Durante o terceiro trimestre adicaremos o noso tempo a:

- Eliminación de herbas e limpeza de espazos traballados.
- Estudos do desenvolvemento das especies, repoboadas e as prantas ornamentais.
- Rega e acondicionamento de espazos para mellorar a estética.
- Recompilación de material de traballo: para elaborar documentos de investigación para a biblioteca.

Durante todo o periodo que dura a actividade escolar:

- Os nenos traballarán contidos relacionados co medio natural dentro das aulas, tomando como referente o hábitat das especies existentes, aproveitando os recursos

do noso medio e favorecendo os principais eixos da estrutura metodolóxica plantexados neste proxecto, ademais de recoller datos dende as familias e ordenalos nas aulas para construír un documento gráfico de recollida de datos.

- Recuperación, rehabilitación e ampliación de espazos para o uso didáctico e de lecer, tanto interiores coma exteriores.
- Pinturas murais con interese didáctico e ecolóxico.
- Recuperación do estudo feito hai anos do tramo do camiño de Santiago que percorre a contorna próxima ao centro.

RECURSOS PERSOAIS:

Contamos para o desenvolvemento do noso proxecto coa colaboración do persoal dos Concellos de procedencia do noso alumnado, mais profesores, alumnos e outros membros da comunidade educativa que colaborarán co centro de xeito desinteresado.

Compre mencionar que o noso centro ten unha cantidade moi considerada de espazo natural dentro do recinto que precisa de coidados durante todo o ano para a súa conservación e que ten un coste considerable, para o seu mantemento.

RECURSOS MATERIAIS

Para o desenvolvemento das diferentes actividades precisamos material que adquiriremos en establecementos dotados para tal fin como viveiros, tendas de decoración, ferretería, librarías, establecementos de venda de material audiovisual e informático...

Deste material según previsión podemos enumerar entre outros.

Ferretería:

- ✓ Carretillas
- ✓ Diferentes útiles de traballar a terra.
- ✓ Baldes e outros recipientes de recollida.
- ✓ Luvas (para a poda, recollida de lixo e residuos orgánicos)
- ✓ Tesoiras.
- ✓ Mangueras.

- ✓ Sementes e bulbos
- ✓ Mecanismos de programación de regas.
- ✓ Regadeiras
- ✓ Podadoras.
- ✓ Bolsa para a recollida selectiva de residuos no patio.

Viveiros:

- ✓ Recipientes para xermolados
- ✓ Sementeiros
- ✓ Sementes e bulbos.
- ✓ Prantas autóctonas.
- ✓ Abono ecolóxico
- ✓ Prantas ornamentais.

Papelería:

- ✓ Pinturas
- ✓ Cartolinas
- ✓ Ceras
- ✓ Papel continuo

Pinturas e decoración:

- ✓ Material para a elaboración de puntos de información
- ✓ Pintura de exteriores (maceteiros, murais...)

Informática e fotografía:

- ✓ Material de impresión e encadernación de documentos
- ✓ Material fotográfico e dixital.

Pintura e decoración:

- ✓ Material para a elaboración de puntos de información.
- ✓ Pintura de exteriores.

ORZAMENTO

- Material de viveiro 400 €
 - Material fotográfico e de impresión..... 500 €
 - Material de ferretería.....2500€
 - Material de librería..... 600€
 - Pintura de exteriores (contenedores e murales).....500
- Toda esta previsión ascende a un total de..... 4500 €

